# A TRIBO

2021-22

# ÍNDICE


01 DEPORTES

07 CARTELEIRA

12 PASATEMPOS

13 CIENCIA

23 REPORTAXES

41 SAÚDE

45 SECCIÓN MUSICAL

51 RECOMENDACIÓNS LITERARIAS

59 ENTORNO E NATUREZA

64 CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

67 PRODUCIÓNS

85 CONCURSOS E CELEBRACIÓNS

100 DESPEDIDAS

# DEPORTES

Os nenos e nenas de 1ºA e 1ºB de Educación Primaria realizaron un traballo de investigación sobre os deportes que practican os/as seus compis do colexio. Velaquí os resultados!



Sabíades que moitos nenos e nenas do Feal levan unha vida moi saudable e están en plena forma física?

Os peques de Primeiro de Primaria fixeron una investigación e observaron que no Feal hai moitísimos alumnos que son uns auténticos e auténticas deportistas.

A través dunhas enquisas que se lles pasaron, descubriron que os deportes que practican son numerosos e moi variados.

# DEPORTES

A continuación deixamosvos unha mostra dos pequenos deportistas do Feal.

Animádevos a descubrir estes deportes e a levar unha vida sá e saudable!!!

Se queredes ver as enquisas dos nosos - as deportistas fai click no seguinte link:

Entrevistas

Se o prefires, tamén podes escanear este código QR

# DEPORTES

E aquí podemos ver unha mostra dos nosos/as deportistas en acción!

# DEPORTES

DISCOVERING A BIG PLANET
TRAVEL NEW PLACES OF THE
EXPERIENCES
CONVERSE

# DEPORTES

ENTRADA

28
8

HORARIO DE ATENCION
AO PÚBLICO
DE 10:00 A 11:00
ENTRADA

# DEPORTES

# CARTELEIRA

Os nenos e nenas de 4º e 5º de Educación Infantil convertéronse nos nosos críticos de cine para este curso 2021-22.

Moito ollo porque non teñen desperdicio! Velaquí as recomendacións para o noso particular "Fealix":



# CARTELEIRA

Sonic
GÚSTAME PORQUE SONIC É MOI RÁPIDO.
LEO DIAZ
NON ME GUSTOU PORQUE SALE UN MALO É NON ME GUSTAN.
UXUE

JAMES MARSDEN
JIM CARREY
SONIC
LA PELÍCULA
FEBRERO 2020

# CARTELEIRA

BRAVE
GÚSTAME PORQUE LANZA FRECHAS
E TEN UN CABALO.
MARTINA SANTISO
GÚSTAME QUE MÉRIDA ZETA (SEXA)
MOI VALENTE.
GAELA

Disney · PIXAR
BRAVE
(INDOMABLE)
PRÓXIMAMENTE EN CINES

LA MAYOR AVENTURA DE LA PATRULLA
AHORA EN CINES
LA PATRULLA CANINA
LA PELÍCULA
SÓLO EN CINES 27 DE AGOSTO

PATRULLA CANINA
LA PELÍCULA
GÚSTAME PORQUE É
moi GUAI
TOEL A BUIN
GÚSTAMEPORQUE É moi
DIVERTIDA.
MATEO CORNIDE

# CARTELEIRA

¡CANTA! 2

MANOLO CARDONA KALIMBA PABLO PERRONI
GONZOK JESSICA SEDURA
SER BUENO NO ES NADA DIVERTIDO
DreamWorks
LOS TIPOS MALOS

# CARTELEIRA

LUNS
XOVES
VENRES
COLEXIO

QUÉ MONSTRUOSIDAD VOLVER A VERNOS
LA FAMILIA ADDAMS 2
LA GRAN ESCAPADA
8 DE OCTUBRE EN CINES

Chez Les Madrigal
Tout le monde est magique
Enfin presque.
Disney
ENCANTO
LA FANTASTIQUE FAMILLE MADRIGAL
LE 24 NOVEMBRE AU CINÉMA

# PASATEMPOS

Os nenos e nenas de 4ºA e 4º B de Educación Primaria deseñaron varios pasatempos dixitais, con propostas tan chulas como "scape rooms", adiviñas, acertixos, sudokus e xogos variados. A continuación, incorporamos unha mostra deles; para xogar, podedes pinchar na URL ou ler o código QR que a acompaña.

https://view.genial.ly/6263120372d2ba001245726c/interactive-content-pasatempos-4oa-by-yolanda-castro

https://view.genial.ly/6277ab60927f3800175 5f37e



# CIENCIA

Os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil aprenderon moitas cousas de ciencia a través de diferentes experimentos que fixemos na aula.

Aquí vos explicamos algúns deles, e se queredes ver o ben que o pasamos, non tedes máis que escanear o código QR e ver as fotos e vídeos das nosas experiencias.



# CIENCIA

## MOCO DE MONSTROS

QUÉ NECESITAMOS?

- XABÓN
- COLORANTE
- BICARBONATO
- AUGA
- COLA

COMO O FACEMOS?

- BOTAMOS A AUGA A COLA E O XABON NUN RECIPIENTE
- IMOS BOTANDO POUQUIÑO BICARBONATO E REMEXENDO ATA QUE ESPESE UN POUCO
- BOTAMOS O COLORANTE E SEGUIMOS REMEXENDO.
- AMASMOS MOITO COAS MANS E A DISFRUTAR!

# CIENCIA



catro cores

QUÉ NECESITAMOS?

- 5 VASOS TRANSPARENTES
- 4 CORES DE COLORANTE
- AZUCRE
- XERINGA
- AUGA

COMO O FACEMOS?

• BOTAMOS AUGA EN CATRO VASOS.
• BOTAMOS UN COLORANTE EN CADA DE AUGA E REMEXEMOS.
• BOTAMOS 1 CULLERADA DE AZUCRE NO 1º E 4 NO 4º VASO, 2 NO 2º 3 NO 3º
• IMOS BOTANDO AS CORES MOI MOI A MODO
NO 5º VASO, COMEZANDO DESDE O 1º AO 1º

# CIENCIA



leite de cores

QUÉ NECESITAMOS?

leite. xabón.
bastoncitos.
colorante.

COMO O FACEMOS?

-botamos o leite nos pratos.
-botamos os colorantes.
-mollamos os bastoncitos no leite e maxlai

# CIENCIA


FLOTADOR
QUÉ NECESITAMOS?
BANDEXAS CON AUGA
DIFERENTES OBXETOS
COMO O FACEMOS?
-FIXEMOS HIPOTESES.
-COMPROBAMOS OS OBXETOS NA AUGA.

# CIENCIA

VOLCÁN DA ILLA

QUÉ NECESITAMOS?

bicarbonato
vinagre
colorante
volcan feito con unha botella de auga e plastilina.

COMO O FACEMOS?

- botamos o bicarbonato no volcán
- despois botamos un bo chorro de vinagre e tachán!

# CIENCIA

ARCO DA VELLA DE LACASITOS
QUÉ NECESITAMOS?
- LACASITOS
- AGUA
- PRATOS E/OU TAPAS
- PACIENCIA
LACASITOS
AUGA
PRATOS E/OU TAPAS BRANCAS
MOITA PACIENCIA
PACIENCIA, MOITA PACIENCIA
COMO O FACEMOS?
• COLOCAMOS OS LACASITOS NOS PRATOS.
• BOTAMOSLLE AUGA POUCO A POUCO
• ESPERAMOS E VEMOS UN ARCO DA VELLA
• TAMEN DESCOBRIMOS QUE AS LETRAS DOS LACASITOS
EUBOAN FLOTANDO NA AUGA.

# CIENCIA

· QUÉ NECESITAMOS?

BOTELLA DE 1 LITRO.
BICARBONATO
VINAGRE
FUNIL

· COMO O FACEMOS?

ENCHEMOS 3/4 DA BOTELLA CON VINAGRE.
BOTAMOS BICARBONATO POUCO A POUCO CO FUNIL. POÑEMOS O GLOBO NA BOTELLA E VEMOS CÓMO SE INFLAN

# CIENCIA



BONECOS DE NEVE.

QUÉ NECESITAMOS?

BICARBONATO
AUGA
RECIPIENTES
ADORNOS

COMO O FACEMOS?

- Botamos o bicarbonato nos recipientes.
- Imos botando auga pouco a pouco e amasamos.
- Podemos facer bonecos e adornalos.

# CIENCIA

## ESPUMA COLOREANTE

QUÉ NECESITAMOS?

- ESPUMA DE AFEITAR
- TÉMPERAS
- FOLIOS
- REGRA

COMO O FACEMOS?

- Facemos varios montóns de espuma.
- Botamos témperas de varios cores enriba da espuma.
- Poñemos o folio enriba e aplastamos.

- LEVANTAMOS O FOLIO E CON REGRA QUITAMOS O EXCESO DE ESPUMA.
- FÍXEMOS UNHA GRAN OBRA DE ARTE.
- DESPOIS, A AMASAR COA ESPUMA E AS CORES E VER AS MISTURAS QUE SAEN.

# REPORTAXES

Irene Montero Fraga, Aroa Montero López, Lucía Soto Blanco, Amanda Rodríguez Macías e Zaira Romero Calvo, de 6ºC de Educación Primaria, son as reporteiras deste ano do CPI do Feal. Neste caso, decidiron percorrer e informarnos da "Ruta dos muíños", sen dúbida unha oferta de ocio interesante do noso concello.

# REPORTAXES

## MUÍÑO DE XUVIA

### A REDE DE MUÍÑOS EN NARÓN

- A finais do século XVIII a rede de muíños que se creou en Narón estaba considerada como unha das mellores do territorio Peninsular.

- Fundados,os máis importantes por empresarios franceses,estes muíños aproveitaron tódolos recursos enerxéticos da comarca: a forza éolica (muíño de vento de San Mateo e o de Faísca), a hidráulica (muíño da Ponte de Xuvia e dos Amenadás) e a proporcionada polas mareas (muíño das Aceas do Ponto).

# REPORTAXES

## OS PROMOTORES

- Foron os empresarios de orixe francés Francisco Bucan e Juan Lestache.

## A REAL FÁBRICA DE FARIÑAS DA PONTE DE XUVIA

- Autopase no fondo da ría de Ferrol, na desbocadura do río Xuvia. A día de hoxe, e a pesar do seu estado profundamente deteriorado, este muíño é un claro exemplo de cómo un edificio se pode integrar perfectamente no entorno e na paisaxe urbana.
Agora forma parte do Patrimonio Municipal. É importante entre outros moitos aspectos polo volume de gran que recibía e exportaba dende Xuvia ata diversos lugares do continente europeo.

Ao carón da ponte río Xuvia podemos observar o muiño de Xuvia, tivo unha gran importancia como motor industrial

No 1858 era o principal muiño do país en capacidade de produción na súa clase; recibía o trigo en barcos chegados do Báltico, de América e de Santander. Pero non acabou aí a súa contribución á economía da zona e uns anos máis tarde, este muiño fariñeiro chegou a mover unha fábrica de papel, unha de tecidos e unha de laminados de cobre.

A posterior perda da súa importancia económica non lle restou nin un ápice da súa beleza ao conxunto arquitctónico do río.



buzzing with life

# O muiño das Aceas

- Os muíños de mareas son aqueles que utilizan a forza dos mares como enerxía motríz. Cando hai marea chea, énchese unha cuenca de reserva para o muíño, no cal a auga queda retida durante a marea baixa. Cando hai marea baixa, as válvulas que regulan a saída de auga ábrese e a auga retida vértese cara o mar, impulsando a rotación da roda no muíño.

- Dende a Edade Media, esta técnica se emprega en Bretaña, para impulsar muíños e moer gran.

- Muiño das Aceas: o muíño de mareas de As Aceas foi unha das principais fábricas de fariñas de Galicia no século XIX, cando recibía o trigo dende Ucraína e América. Creado a finais do século XVIII, promovido por unha sociedade de empresarios galegos e franceses, o edificio consta de represa, muíño, vivenda, almacéns e casa de recreo adosada, todo cerrado con muro de pedra. Esta fábrica de fariñas é unha obra de grandes dimensións, que permite a entrada das mareas a través dunha comporta xiratoria e embalsa máis de 50.000 metros cúbicos de auga, enerxía suficiente para mover as grandes pedras moedoras de que dispón.

# REPORTAXES

## MUIÑO DE PEDROSO

ALDARA RIOS DOMÍNGUEZ

EN NARÓN, A BEIRAS DO RÍO GRANDE DE XUVIA, ATOPAREMOS VARIOS MUÍÑOS DE GRAN TAMAÑO QUE NA ACTUALIDADE ESTÁN UNIDOS POLO CHAMADO ROTEIRO DOS MUÍÑOS, UN ROTEIRO ETNOGRÁFICO RODEADO DUN GRAN ENCANTO NATURAL QUE CONTA CON 14 KM.

XUNTO A EL TEMOS UNHA EXCELENTE ÁREA RECREATIVA, QUE CONSTA CON TODO O NECESARIO PARA PASAR UN GRAN DÍA EN FAMILIA OU CON AMIGOS. PERO SOBRE TODO TEN UNHA GRAN CONTORNA NATURAL CON ÁRBORES FRONDOSAS.

# REPORTAXES

O muíño de Pedroso é unha gran construción dedicada á produción de fariña que foi construído a principios do século XIX.
Dispón de tres infernos, e conserva un forno para o pan.
Uns metros río arriba temos a presa que servía para desviar a auga pola gran canle que a conduciría ata o muíño e así proporcionar a enerxía necesaria para o movemento dos rodicios e o resto de maquinaria para a moenda.

As condicións nas que se atopa a día de hoxe son bastante malas: a madeira das mesas e das pontes está a podrecerse, do mesmo xeito que a dos xogos infantís.
Hai árbores caídas na zona de campo e no río, provocando estes últimas grandes riadas na época de choivas, o muíño da Muiñeira ten a pedra da fachada chea de musgo e herba no tellado
O descuido do muiño fai que se este a perder unha importante maquinaria antiga.

# REPORTAXES

Pola súa banda, no marco do programa Erasmus+, desenvolvido polo CEFORE de Ferrol e do que o noso centro forma parte, o profesorado do CPI do Feal participou en varias experiencias de formación no estranxeiro ao longo deste curso. Velaquí vos presentamos algunhas delas:

## DIJON, FRANCIA (14-18 DE MARZO)

O noso centro, xunto co IES CATABOIS, formou parte do proxecto "Innovation in Education across Europe", xunto cos socios de Francia, Gales, Grecia, Romanía e Turquía. Durante esta estadía, e trala recepción e cálida acollida no concello de Dijón, a profesora de francés, Montserrat Lorenzo, puido visitar xunto co profesorado do resto de países participantes, diferentes centros de ensino secundario, tanto de BAC coma de Formación Profesional (Malraux secondary School, Simone Weil High School, Jules Marey High School, entre outros), para coñecer de cerca os proxectos internacionais nos que están a participar o profesorado e os alumnos destes centros, así como para comprobar o xeito de traballar no eido docente no país veciño.

Foron os propios alumnos, na maioría dos centros, os que organizaron unha presentación para explicar os seus proxectos e contar as súas experiencias, aproveitando a presenza do grupo para mellorar as destrezas en inglés (lingua usada en todo momento).

# REPORTAXES

Ademais das actividades propostas nos centros, o profesorado realizou unha serie de visitas guiadas, tanto en Dijón como nas poboacións próximas, como Semur, Auxois ou Château-Chinon.

Os alumnos de hostalaría de dous centros de Formación Profesional visitados, sorprenderon ao grupo preparando unha comida e unha cea nas que o grupo viviu unha auténtica experiencia "Master Chef", podendo mesmo visitar as cociñas durante a elaboración do menú e saboreando o resultado final.

# REPORTAXES

## LIMERICK, IRLANDA (19-26 MARZO)

A nosa orientadora, Irene Fernández, participou xunto con profesorado doutros centros educativos da comarca, nunha formación enmarcada no ámbito da inclusión, organizada pola Universidade Mary Inmaculate de Limerick.

Tras coñecer a cidade, o grupo asistiu a distintos seminarios na Universidade, con temáticas como a educación especial en Irlanda, a avaliación nas escolas ou as titulacións e certificacións no sistema educativo irlandés. Neste eido, contaron coa presenza de grandes oradores/as expertos na materia.

Así mesmo, visitaron un total de catro centros educativos, incluíndo unha escola de fala irlandesa, onde todas as materias –a excepción do Inglés- son impartidas en lingua gaélica irlandesa; un centro de educación secundaria, un de educación especial e outro de formación profesional.

As instalacións e as metodoloxías, claramente autónomas, foron de grande interese para a práctica docente.

# REPORTAXES

Os dous últimos días o grupo realizou diversas visitas organizadas a sitios de interese preto de Limerick, como os acantilados de Moher, a vila de Doolin ou o Castelo de Bunratty, servindo este último de marco para un fantástico banquete medieval que incluía música tradicional e espectáculo.

# REPORTAXES

## NÜRNBERG (2-6 MAIO)

### Schulen alemás!

O pasado mes de abril dúas mestras con moitas ganas de coñecer novas formas de ensinar emprenderon unha viaxe moi especial dirección Nürnberg (cidade ubicada na Baviera alemá).

Marcada por un predominante estilo medieval, chama a atención nada máis aterrar na cidade as fachadas de diferentes vivendas saídas directamente do conto de Hansel e Gretel e as igrexas de estilo gótico do centro da cidade, xunto ao castelo que a vixía.

Castelo Imperial de Nürnberg

Catedral de Nürnberg

Casco histórico Nürnberg

O entorno non podía ser máis idílico! Ou iso pensabamos mentres percorríamos as súas rúas. Mais puidemos comprobar que estabamos equivocadas e visitamos... as escolas, tamén coñecidas como *shulen*!

Tivemos a oportunidade de visitar tanto un centro educativo do centro da cidade como do rural.

# RÉPORTAXÉS

O primeiro atopábase nun edificio histórico ubicado na zona que resistiu aos bombardeos da II Guerra Mundial. Os espazos e recursos tecnolóxicos dependían das características estruturais do edificio e había gran diferenza de amplitude dunhas aulas a outras: talleres moi grandes, bibliotecas máis pequenas, unha cociña dun bo tamaño...

O segundo dispoñía de moito máis espazo para poder crear ambientes educativos que semellan un verdadeiro segundo fogar. Contaban con aulas para o tempo libre, de xogos de mesa, un estanque para tomar o Sol, piscina...

En ambas visitas tivemos a oportunidade de ser guiados polos mestres/as dos centros, polo que nos puideron explicar como é a súa práctica educativa e como organizan os espazos e recursos para traballar as diferentes realidades do seu alumnado.

Mais... **Que rexe como organizar a súa función pedagóxica? Como funciona o sistema educativo alemán?**

# REPORTAXES

A diferenza do sistema educativo español, o alemán leva máis dun século sen modificarse.

A súa estrutura é a seguinte: dos 3 aos 6 anos os nenos/as escolarízanse sen ser obrigatorio, na *Kindergarten*, que é privada; dos 6 aos 10 acoden á *Primary school*, onde aprenden aritmética e lingua; a continuación preséntase unha clasificación en base ao seu rendemento académico, dividíndose en tres tipos de escola onde estruturarán dende os 10 anos ata os 17-18. A *Mittelschule*, orientada a perfeccionar un oficio. A *Realschule*, enfocada á formación profesional. E, por último, o *Gymnasium*, para os nenos/as que accederán aos estudos universitarios.

- - -

Tras esta experiencia, con moitas ideas e ilusión na maleta, voltamos á nosa Terra con ganas de poñer en práctica o aprendido e ensinar a cidade, a gastronomía e o folclore de Nürnberg ao noso alumnado. Desfrutaron como nunca e están desexosos de aprender máis de outras cidades e culturas!

Os nenos/as de 4 anos e de 2ºB de Ed. Primaria recibiron... uns billetes de avión destino Nürnberg!

# REPORTAXES

Tamén aprenderon moito da cidade e do país de Alemaña, cubrindo o seu pasaporte con información de monumentos, persoas relevantes, cultura...

E fixeron unha experiencia compartida reproducindo a Fonte Fermosa e o seu anel dourado, o cal hai que xirar tres veces e pedir un desexo.

Foi unha experiencia inesquecible compartida entre compañeiras e amigas! Agardamos que vos gustase o percorrido pola mesma!

Con moito agarimo!

**Paula Neira, titora de 5º de EI (4 anos).**

**Miriam Iglesias, titora de 2ºB de EP.**

# REPORTAXES

## ESTAMBUL - MERSIN (2-6 MAIO)

**Montse Fernández** (mestra de Inglés) e **Laura Rodríguez** (titora de 1ºB de Educación Primaria) participaron xunto co profesorado doutros centros educativos da comarca nun proxecto Erasmus K2 titulado "**Innovación na educación a través de Europa**", organizado polo CFR de Ferrol.

Foi unha viaxe longa, na que tiveron que facer varias escalas, polo que se decidiu facer unha noite en Estambul e, así, aproveitar a coñecer este fermoso lugar. Sen palabras quedaron ao ver as mesquitas, palacios, monumentos... Nesta cidade, hai unha riqueza cultural e arquitectónica espectacular. Fixeron unha visita breve pero moi intensa!

# REPORTAXES

Ao día seguinte viaxaron ata o sur de Turquía, concretamente á cidade de Mersin, que é o lugar onde se aloxaron os seguintes días e onde recibiron a formación con mestres doutros países como Grecia, Romanía, Gales, Francia e, como non, Turquía.

A formación, a cargo de M. Serkut Kizanlikli, resultou moi amena, xa que permitiu poder falar e contar as nosas experiencias como docentes en tempos de COVID e coñecer a situación que se viviu (e aínda se vive) nos outros países. Realizáronse dinámicas divertidas para interactuar (sempre en lingua inglesa), reflexionar, debater sobre aspectos moi diversos relacionados coa educación post-Covid19.

# REPORTAXES

Tamén tiveron a oportunidade de visitar unha escola "*Bahçesehir College*", na que recibiron unha formación de Scratch e puideron visitar algunhas das súas instalacións das que traen un montón de ideas para instaurar no Feal.

Ademais de toda esta formación, tamén tiveron tempo para visitas culturais, organizadas polo CFR de Turquía. Nunha tarde, visitaron a cidade de Tarsus, coa súa porta de Cleopatra, casas antigas, escavacións aínda en curso dunha antiga calzada romana, a igrexa de San Pablo e o seu lugar de nacemento, e un pequeno bazar (*Kirkkasik Bedesteni*).

# REPORTAXES

O derradeiro día en Mersin fixeron unha visita cultural, xunto co resto de profesores doutros países, a unha Acrópole (*Kanlidivane*), unha cova (*Astim Cave*), un castelo que as deixou sen palabras por estar no medio do mar e ser protagonista dunha fermosa lenda (*Kizkalesi*), e dúas simas espectaculares chamadas "*Heaven and Hell sinkholes*".



Foi unha experiencia moi boa na que fixeron novas amizades, conseguiron centros doutros países para colaborar en futuros proxectos no Feal e, sobretodo, coa que voltan cargadiñas de ideas e moitas ganas de traballar cos pequechos/as!

Dende aquí, animamos ao resto de docentes do centro a formar parte destas formacións, son unha fonte de aprendizaxe ilimitada!

# SAÚDE

Os nenos/as de 6ºB de Ed. Primaria fixeron un traballo de investigación acerca da "diabetes". Velaquí están as súas conclusións!

## A DIABETES

É unha enfermidade metabólica e crónica na que se produce un exceso de glucosa no sangue e nos ouriños. Débese a unha diminución da secreción da hormona insulina ou unha deficiencia da súa acción.

Pode ser producida por causas conxénitas ou adquiridas. As últimas xeralmente están asociadas a malos hábitos. Na conxénita hai que detectala para facer un bo diagnóstico.

Os síntomas desta enfermidade son o aumento da sede e as ganas de ouriñar, da fame, moito cansazo, visión borrosa, formigueo nas mans e nos pés, feridas que non cicatrizan e perda de peso.

# SAÚDE

## A DIABETES

Coa sintomatoloxía explicada anteriormente deberemos chegar a un diagnóstico e aquí podemos atopar 3 tipos:

- Tipo 1

Os síntomas poden aparecer de súpeto e débense a un mal control da glucosa no sangue. As causas que a provocan, en xeral, débense a que o propio sistema inmune do corpo destrúe por erro as células do páncreas (insulina).

Entre as solucións estaría tomar insulina, realizar reconto de hidratos de carbono, graxas e proteínas, comprobar o azucre en sangue con frecuencia, ter unha alimentación saudable, facer exercicio e manter un peso óptimo.

- Tipo 2

Adoita diagnosticarse mediante probas de hemoglobina glicada. Esta proba do sangue indica o nivel medio de glicosa no sangue nos derradeiros tres meses. Entre as causas máis comúns están o estilo de vida e a xenética de cada persoa. Os máis habituais son o sobrepeso e inactividade física, resistencia á insulina, antecedentes familiares, mutacións xenéticas, enfermidades hormonais e outras.

Para por remedio a todas estas dificultades, é recomendable seguir os consellos do tipo anterior, ademais de tomar a medicación prescrita en cada caso.

- Tipo 3 ou diabetes xestacional: aparece durante o embarazo.

# SAÚDE

Os nenos/as de 5ºC de Ed. Primaria dan voz neste artigo a unha problemática que tamén lles atinxe, os "trastornos de estrés infantil". Vexamos que nos din sobre eles...

O estrés infantil é definido como un factor físico ou emocional que causa tensión corporal ou mental e pode ser causa de enfermidades.

Pode manifestarse coma síntomas depresivos, ansiosos, condutuais... Ou síntomas psicosomáticos aos cales non se lles atopa unha causa médica demostrada.

Os nenos e nenas, ao igual que os adultos, atópanse sometidos a diferentes causas de estrés ou diferentes factores, coma preocuparse polos estudos ou as notas, a separación dos pais, o cambio de casa, a perda dunha mascota, o falecemento dun familiar querido...

# SAÚDE

1. Empezar o día sen correr.
2. Aumentar a calidade de atención aos nenos/as.
3. Practicar o teu deporte favorito.
4. Atraer pensamentos positivos antes de durmir.
5. Durmir as horas suficientes.
6. Pais/nais/mestres/mestras relaxados é igual a nenos/as relaxados.
7. Realizar actividades coas que desfrutemos (mellor ao aire libre).
8. Conectar cos seres queridos.
9. Escoitar música relaxante.
10. Recoñecer situacións que non se poden cambiar.

# SECCIÓN MUSICAL

Na clase de 2ºB de Ed. Primaria experimentamos, creamos, sentimos, vivimos... E todo iso é inconcibible sen a mellor aliada de vida que dá máis sentido á intensidade de todo o que facemos... A música!

Por iso, queremos que sintades todas as experiencias que vos presentamos acompañadas das cancións elixidas. Queredes vivilo con nós?

Benvidos e benvidas á nosa **"Playlist persoal"**... Soa de fondo "*Come on!*" de The Hives. Acompañádesnos?

Así que, a continuación, poñede os cascos, acendede o Spotify e deixádevos levar! Vivide as cousas da vida coma nós! Vivídeo xunto aos vosos nenos/as!

# SECCIÓN MUSICAL

## 1. Para bailar! "No se habla de Bruno". BSO Encanto.

Esta película chegounos ao máis profundo do noso corazón! Fala das familias, das expectativas que se proxectan sobre os nenos/as, da presión, do amor, do perdón, de ser un mesmo... E ten unha banda sonora incrible! Sen dúbida a canción que máis nos fai bailar e cantar é "*No se habla de Bruno*". NON PODEMOS PARAR!

# SECCIÓN MUSICAL

## 2. Para poñernos contentos/as! "All Star" - Smash Mouth.




Se hai unha canción que indiscutiblemente fai que nos botemos a rir, berrar, bailar, saltar e estar contentos é, sen dúbida, "*All Star*", tamén coñecida como "*A canción de Shrek*". É escoitar esta canción e xa poñernos moi moi moi contentos!

# SECCIÓN MUSICAL

## 3. Para facer exercicio! "Seven Nation Army" - The White Stripes.




Se algo ten que ter unha canción que nos motive a facer exercicio é que debe soar potente, que sintamos unha corrente de electricidade a maiores no noso corpo que nos faga dar toda a enerxía que temos dentro. E, sen dúbida, iso conseguímolo con este temazo de The White Stripes que fai que nos sintamos poderosos/as en todo o que facemos, sen dobregarnos ante as adversidades. As súas subidas e baixadas, o baixo soando é ideal para intercalar con diferentes tipos de intensidade no deporte.

# SECCIÓN MUSICAL

## 4. Para calmarnos! "Yellow" - Coldplay




Somos un grupo con moita enerxía, pero para poder desfrutala tamén temos que descansar e conectar con nós mesmos. Para esa volta á calma, escoitamos esta canción. Danos moitísima paz, é ideal para relaxarnos.

## 5. Para enfadarnos! "Bad Romance" - Lady Gaga




Sabemos que é unha canción moi chula, pero non podemos evitar taparnos os oídos co "rah, rah-ah-ah-ah".

# SECCIÓN MUSICAL

## 6. Para vós, familias. "Pequeña gran revolución" - Izal

Recomendámosvos encarecidamente que escoitedes e desfrutedes de cada palabra desta canción, para lembrarvos que ser nai, pai, tía, tío, avoa ou avó destes marabillosos nenos/as é a tarefa á que máis amor e esforzo lle adicades. E da os seus froitos. Estades educando pequenas grandes revolucións!

**Grazas!**

# Recomendacións literarias

O alumnado de 5ºA de Ed. Primaria tráenos as súas propias recomendacións literarias. Agora que se achega o verán, é bo momento para seguir os seus consellos... Ou non! Sempre é bo momento para desfrutar dun bo libro!

Se queres ver todas as recomendacións en vídeo, escanea o seguinte código QR.

Na clase de 5ºA hai paixón polo fútbol.

# Recomendacións literarias

## Que queres ser de maior, pequena?

## Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes.

Este libro fala de moitas mulleres que cambiaron o mundo, o libro demostra que as mulleres somos iguais que os homes.



# Recomendacións literarias

## IRON MAN




Cómic de superheroes con moitas aventuras emocionantes.




## LOS DIARIOS DE CEREZA




É un cómic moi divertido onde mesturan personaxes de diferentes idades.

# Recomendacións literarias

## A ERA GLACIAR

## CONTOS DE ANIMAIS QUE CAMBIARON O MUNDO

Conta a historia de animais que fixeron cousas alucinantes que cambiaron o mundo.

# Recomendacións literarias




AUGUST E OS MONSTROS




ONE PIECE

# Recomendacións literarias

## QUERIDO FILLO: ESTAMOS EN FOLGA.

## ISADORA MOON

# Recomendacións literarias

## DIARIO DUN ALDEANO ULTRAPRINGADO

## MIKECRACK, EL TROLLINO, TIMBA VK






# Recomendacións literarias




## O MISTERIO NO CASTELO DA CAVEIRA

## DIARIO DE GREG 4: DÍAS DE PERROS

# Entorno e Natureza

Os nenos/as de 3ºA de Ed. Primaria fixeron unha investigación sobre "O fento de Pontedeume". Velaquí as súas conclusións!

## O fento de Pontedeume

No xardín de Lombardero, en Pontedeume, atopamos un **fento centenario**. Está protexido cunha valla para garantir a súa seguridade.

Imaxinade cantas cousas nos contaría se puidese falar!

### CURIOSIDADE

O fento é **unha das plantas máis primitivas** que existen na actualidade. De feito, din que compartiron territorio ata cos dinosauros!

# Entorno e Natureza

## CARACTERÍSTICAS

- As súas follas chámanse "**frondes**" ou "**frondas**".
- Son plantas **sen flores nin sementes.**
- O seu **talo está enterrado** na terra.

## COIDADOS

- Debemos **resgardalos do sol** intenso.
- A temperatura ideal é **entre 12 e 18 graos.**
- Coidado! A praga que o pon enfermo é a **cochinilla.**

Preto de alí, nas **Fragas do Eume** (que foron declaradas Parque Natural en 1997) van plantar un xardín de fentos con especies ameazadas ou en perigo de extinción.

Queremos adicarlle a nosa investigación ao Fento de Pontedeume por sobrevivir tantos anos. Noraboa!

É a nosa responsabilidade que viva outros tantos anos!

# Entorno e Natureza

Por outra banda, os nenos/as de 3ºB de Ed. Primaria achégannos información sobre o "xabaril". Agardamos que desfrutedes do seu traballo.

## Sus scrofa

O xabaril é un mamífero de tamaño mediano cunha cabeza grande e alongada e uns ollos moi pequenos. O seu colo é groso e as súas patas curtas, máis altas as dianteiras que as traseiras. Ten moi mala vista, mais o seu olfacto está moi desenvolvido.

**O xabaril aliméntase de trufas, landras, setas, caracois, vexetais...**

# Entorno e Natureza

## Ten o corpo cuberto de pelos moi grosos e negros.

As súas crías chámanse "**xabatos**", e nacen cunhas liñas ao longo do corpo, que desaparecen nos primeiros meses de vida.

### COSTUMES

- É un animal **moi sociable**, non é territorialista e **desprázase en grupos** nai-fillos, xeralmente.
- Durante o **día** é **sedentario** e durante a **noite percorre distancias** de ata 14km en busca do alimento.
- **Báñase no barro** para regular a súa temperatura, xa que non ten glándulas sudoríparas.

### ONDE VIVE?

Vive en todo tipo de hábitats, aínda que prefire lugares con **vexetación alta** e **auga abundante.**

# Entorno e Natureza

## O XABARIL EN GALICIA

Na actualidade, o xabaril está sendo un importante problema en Galicia. É o **causante de numerosos accidentes** de tráfico, está **aproximándose ás cidades**, ambientes de ocio nocturno, cruces de estradas...

As comarcas de Viana, Terra Chá, Deza e Betanzos-Eume están declaradas zonas de emerxencia cinexética temporal.

FONTES:
- Wikipedia.
- La Voz de Galicia.
- Revista "Jara y Sedal".

# CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...



Nesta sección, o alumnado de 5ºB de Educación Primaria narra como viviu este segundo curso da pandemia. Semella que nestes últimos meses fomos recuperando, pouco a pouco, hábitos que nos recordan a tempos que foron mellores... Grazas a todos/as polo voso esforzo e respecto polas normas de seguridade!

No meu caso, este ano empecei de novo no cole e os primeiros días custoume un pouco a adaptación aos novos compañeiros/as e ao día a día nun cole tan grande.

Para min, o máis difícil nos primeiros meses foi non poder relacionarme cos demais nenos/as dos outros 5º, pois moitos deles tamén viñan da miña antiga escola. Igualmente, o seguir tendo que usar a máscara non me resultou sinxelo.

Cando me dixeron que me ía vacinar estaba un pouco nervioso, especialmente o día no que tiña a cita, pero tiven sorte e non me deu reacción.

Aínda que as novas medidas son ideais (xa podemos estar todos xuntos e a máscara non é obrigatoria), o punto positivo deste curso foi que na clase estivemos máis unidos/as que ningún outro ano.

Pablo Feáns Galdo (5ºB)

# CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...



Para min, o principio do cole foi positivo por empezar 5º e porque coñecín moita xente nova de outros coles, e tamén un profe novo.

Cando nos dixeron que nos ían vacinar a verdade é que me deu un pouco igual; sabía que era para ben e que podía causar reacción, aínda que só me doeu un pouco o brazo ao día seguinte.

Se cadra os primeiros meses foron un pouco máis duros por termos que retomar as máscaras, o uso do xel, o non podernos xuntar no recreo cos das outras clases... Pero agora, ao final, xa fomos recuperando a normalidade.

Agardemos que a potencia do Covid siga baixando.



Hugo Pérez Naveiras (5ºB)

En Setembro empecei o colexio e foi un pouco raro porque cambiei de escola, coñecín nova xente, novos amigos/as, novas normas...

Os primeiros meses o máis complicado foi ter que volver acostumarme a ter a máscara moito tempo, a usar xel a todas horas e non poder xuntarme cos demais cursos, xogar ao fútbol co resto das clases, poder sentarnos en grupos...

Menos mal que, semella, o peor desta pandemia xa pasou e estamos comezando a recuperar a vida normal...

Yoel Vilas Lamas(5ºB)

# CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...



A principios de curso estaba un pouco nervioso porque, aínda que seguía cos mesmos compañeiros/as de sempre, viñeron nenos/as novos doutros coles e non os coñecía.

Outra das cousas ás que máis me custou adaptarme e ás zonas do recreo, eran moitas e moi pequenas. Aínda así, tivemos sorte aos que nos gusta o fútbol porque sempre tivemos ou a pista ou zonas verdes para poder xogar.

Cando soubemos que nos ían vacinar a verdade é que levei unha alegría. Vacinarnos supoñía poder xogar no equipo de fútbol sen máscara, e non sabedes o que iso supón, foi unha liberación.

A pesar de que nos acabamos adaptando a vivir coa Covid, os recreos non tiñan nada que ver cos que estamos desfrutando neste final de curso, xa todos xuntos de novo. Non hai punto de comparación!

Marco Montero Naveiras (5ºB)

Eu empecei o curso con ilusión, aínda que se me fixo un pouco raro porque viñeron novos compañeiros/as, do Val e de Piñeiros; ao principio estaba nervioso porque tampouco sabía se ía estar en clase cos amigos/as de sempre nin quen ía ser o noso profe.

Os primeiros meses tiña medo a contaxiarme, pero pouco a pouco fomos normalizando todo.

O mellor de todo foi poder recuperar as *pachangas* entre cursos agora nos últimos meses.

Iván Martínez Fernández (5ºB)

# PRODUCIÓNS

Neste espazo, os nenos/as de distintos niveis do FEAL presentan os froitos do seu traballo ao longo do curso, da súa creatividade e das súas ganas de sacar todo aquilo que levan dentro. Agardemos que desfrutedes deles.

Coma tódolos anos, o alumnado da ESO participa nun concurso de **deseño da portada** desta revista. Velaquí os traballos presentados que, malia non seren gañadores, merecen este recoñecemento.

Mara Cabarcos
Ángela Fernández
(1ºA)

# PRODUCIÓNS

Noa Picos
Daní Santos
Sara Vázquez
(1ºA)

Sara C.
Zayra Fernández
Lucía Alves
(1ºB)

# PRODUCIÓNS

Uxía
Carla
Candela

Sara
Adriana

# PRODUCIÓNS

Sabela Paz
Sabela Manso
(1ºA)

Lorena Primoy
(1ºA)

# PRODUCIÓNS

Lolo
Ibon
Adrián
(1ºC)

Tania López Pazos
(1ºC)

# PRODUCIÓNS

Iago Paniagua
(1ºC)

Xaví Brais
(1ºA)

# PRODUCIÓNS

Amanda Díaz Díaz
(1ºA)




Cristina
(1ºB)

# PRODUCIÓNS

Sara Teijeiro
Alazne Soto
(1ºA)

Sabela Álvarez

# PRODUCIÓNS

Do mesmo xeito, o alumnado de 1º de ESO participou no Certame de Intercentros coa modalidade de cómic, coa que obtiveron o 1º premio e outros accésits.

## 1º Premio

Daniel Santos Lage
(1ºA)

# PRODUCIÓNS




Tania López Pazos (1ºA)

# PRODUCIÓNS

Sara Teijeiro Villadóniga (1ºA)



# PRODUCIÓNS

Sabela Manso Rico (1ºA)

## O mago dos recordos



# PRODUCIÓNS



Alazne Soto Bernal
(1ºA)

# PRODUCIÓNS




Candela Couce Ferreiro
(1ºB)

# PRODUCIÓNS







Daniela Iglesias Rivera
(1ºA)

# PRODUCIÓNS

O alumnado de 6ºA de Ed. Primaria tráenos unha mostra da súa experiencia cos Lego Wedo, dentro da área de Robótica. A súa valoración dos recursos é moi satisfactoria, se ben no centro non se contan con suficientes como para poder traballar verdadeiramente en grupos de maneira significativa.

O primeiro proxecto que fixemos foi a réplica dun embalse, aproveitando que en Ciencias Sociais estabamos traballando os contidos relacionados cos Climas.

Na pantalla da aula poñían as instrucións de como colocar as pezas e nós tiñamos que collelas da caixa dos Lego e ir colocando unha por unha. Cando xa tivemos a base, empezamos a personalizalo, traballando por grupos de máis ou menos 5 persoas. Cada mesa tiña unha "tableta" e nós tiñamos que programas as accións e finalmente personalizalo. Por exemplo, puidemos poñer algunha mensaxe cando se abrise ou pechase a porta.

# PRODUCIÓNS

Cando rematábamos de programar na aplicación, tíñamos que conectar a tableta coa base do Lego e comprobar se funcionaba ou se debíamos cambiar algún elemento da configuración. Foi moi divertido, incluso fixemos un barco cos materiais para simular que o embalse se abría e se pechaba ao seu paso.



Outro día fixemos un semáforo para saber se hai alguén no baño cando queiramos ir. O traballo foi similar ao anterior, pero esta vez incluía a luz, e as cores tamén había que elixilas na aplicación.

A verdade é que todos/as coincidimos en que este proxecto nos gustou máis que o anterior, e ata lle puxemos un nome ao noso propio semáforo.



Infelizmente, despois tivemos que desmontalo, pois outros grupos tamén querían utilizar os Lego.

# PRODUCIÓNS

Estes proxectos foron unha experiencia divertida e estraña ao mesmo tempo, porque non imaxinaba como podía facelo, pero se queres saber como é, podes comprobalo ti mesmo.

A verdade é que a case todos/as nos gustou moito traballar en grupos; cando traballamos así é moi divertido, sobretodo se non hai enfados e manexamos os Legos.

Todo isto foi posible grazas ao noso amigo Jandro, que nos axudou a programar e crear todos estes proxectos fascinantes. Dende aquí, moitas gracias profe.

# CONCURSOS Celebracións

Estades nun espazo de lecer, de celebracións, de concursos... Velaquí tedes boa parte do traballo realizado como cole ao longo do ano.

## Inauguración da nova Biblio de Infantil e Primaria

O 24 de Outubro, coincidindo co Día das Bibliotecas Escolares, celebramos a inauguración da nova Biblioteca de Infantil e Primaria para este curso escolar... Con contacontos, xincana e ata un *escape room*!

# CONCURSOS Celebracións

## O dragón queimamedos

Por mor da celebración do Samaín, o Dragón Queimamedos visitou o Feal (e veu para quedar todo o ano) para queimar coas súas grandes laparadas todos os medos dos nosos nenos/as.

Cada un/unha de nós escribiu o seu medo nun papel e fómolo colgando sobre o panel da entrada do colexio.

# CONCURSOS Celebracións

## Concurso de relatos de medo

Coma todos os anos, o Equipo de Biblioteca de Infantil e Primaria e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega organizaron o "Concurso de relatos de medo" por Samaín.

Este ano, a nosa gañadora é Amanda Rodríguez Macías, de 6ºC de Primaria, co relato "O bosque encantado". Parabéns! No código QR podedes desfrutar del.

# CONCURSOS Celebracións

## Semana dos Xogos Populares

Cando chega o tempo do Magosto, no Feal aproveitamos para recuperar vellos xogos sen pantallas nin electricidade.

Durante a primeira semana do mes de Novembro foi moi fácil ver aos máis pequenos/as do noso centro en acción, pola pista máis próxima ao aparcadoiro. Alí, déronse conta de que recorrendo aos xogos tradicionais non se bota nada en falla a tecnoloxía.

# CONCURSOS Celebracións

## O 25N no FEAL

Con motivo da celebración do 25N, o alumnado e profesorado de Ed. Infantil e de Ed. Primaria gravamos un vídeo cun baile ensaiado para a ocasión. Grazas a todos os participantes, cunha mención especial para **Manuel Lamoso** (profe de Ed. Musical) e para **Norberto Leivas** (encargado da gravación e maila edición do vídeo).

Ademais, a evolución favorable da pandemia permitiunos recuperar unha vella tradición, a **manifestación** do FEAL, onde todos/as saímos á rúa a loitar polos dereitos das mulleres. O alumnado da ESO deseñou chapas para a ocasión.

# CONCURSOS Celebracións

## Calendario e Postais

Este ano non ía ser diferente e, como é costume, o alumnado de Infantil e Primaria sacou o mellor de si para elaborar unhas postais dignas de estudo. Aquí tedes as dúas gañadoras deste ano, a de **Erik Ananyan** de Ed. Infantil e de **Mateo Pazo** de Ed. Primaria.

| | | |
|---|---|---|
| **Alazne Soto Bernal** | 1º de ESO A | Xaneiro |
| **Adriana Martínez Cereijo** | 1º de ESO B | Febreiro |
| **Iago Paniagua Martínez** | 1º de ESO C | Marzo |
| **Laura Gómez Rodríguez** | 2º de ESO A | Abril |
| **Gabriel Feal Carneiro** | 2º de ESO B | Maio |
| **Daniela Lage Pedre** | 2º de ESO C | Xuño |
| **Lucía Pereira Pena** | 2º de ESO D | Xullo |
| **Lucía Sanesteban Guerrero** | 3º de ESO A | Agosto |
| **Estrella Cartelle Calviño / Naiara Cupeiro Boado** | 3º de ESO B | Setembro |
| **Eva Mahía Prieto** | 3º de ESO C | Outubro |
| **Catuxa Corral Mosquera** | 4º de ESO A | Novembro |
| **Ainara Suárez Anca** | 4º de ESO B | Decembro |

Igualmente, o alumnado de Educación Secundaria participou no concurso de debuxos para a elaboración do noso Calendario, este ano adicado ás Lendas en torno ao Camiño de Santiago, para seguirmos na liña xa iniciada no anterior curso académico.

# CONCURSOS Celebracións

## Audiolibros - Día da Paz

Con motivo do Día da Paz, o noso alumnado de Infantil e Primaria elaborou os seguintes audiolibros:

- Negros e brancos (Infantil).
- O nacemento do dragón (1º e 2º de Primaria).
- O muro (3º e 4º de Primaria).
- O neno estrela (5º e 6º de Primaria).

Se ledes os distintos códigos QR poderedes volvelos a ver de novo.

# CONCURSOS Celebracións

## Día de Rosalía- PODCAST

Con motivo da conmemoración do Día de Rosalía de Castro (23 de Febreiro, este ano), retomamos os podcasts educativos de Radio Feal, agora tamén dispoñible en Spotify.

O alumnado de Ed. Infantil e de Ed. Primaria colaborou para a gravación dun episodio no que se fai unha viaxe pola vida e obra de Rosalía, contando cun variado abano de seccións: gastronomía, humor, recitado, música... E ata unha entrevista á mismísima Rosalía.

# CONCURSOS Celebracións

## O Entroido no Feal

Como era de agardar, no noso centro non podíamos faltar a unha das tradicións máis arraigadas no noso país, o Entroido.

Se escaneades o QR, podedes ver diversas instantáneas captadas dese día.

Non podíamos escoller outra foto para a sección que a do "Feal Road", con Montse Lennon, Mari Carmen Starr, Paula McCartney e Sandra Harrison.

# CONCURSOS Celebracións

## XXI Certame de Intercentros

Outra das tradicionais celebracións que puidemos recuperar neste curso foi o **Certame de Intercentros**. Dende aquí, agradecer a ampla participación a tódolos niveis.

| | |
|---|---|
| 1º EP A / B | "Paco Papán" |
| 3º EP A | "A saia da Carolina" |
| 3º EP B | "A miña tia" |
| 4º EP A | "Eo eu remando vou" |
| 4º EP B | "O rap do galego" |
| 5º EP A/B/C | "Rocksalía" |
| 6º EP A | "Hit the O Feal" |
| 6º EP C | "O tren" |
| 1º ESO A | "Destripando a historia" |

# CONCURSOS Celebracións

## Feira do Libro

Os días 28 e 29 de abril, o alumnado e o profesorado de Infantil e Primaria organizaron unha fantástica Feira do Libro no noso patio cuberto. Poderedes ver algunhas fotos da feira se ledes o código QR.

# CONCURSOS Celebracións

## Lerflix

As incribles cabezas pensantes que integran a nosa Biblioteca de Infantil e Primaria non paran, e despois de inspirarse en Youtube para os **Booktubers**, este ano, inspirándose en Netflix, contraatacaron co seu **Lerflix**.

Na imaxe aparecen algunhas das propostas da carteleira da biblio onde, por suposto, se aceptaron suxestións ao longo do curso.

# CONCURSOS Celebracións

## 3º Congreso galego de seguridade e educación viaria

O pasado 20 de maio, o noso alumnado de 4º de ESO visitou o 3º Congreso galego de seguridade e educación viaria que se estaba celebrando no Pazo da Cultura de Narón. Foi unha magnífica experiencia!

# CONCURSOS Celebracións

## Marcha ciclista

O 17 de Xuño, o noso alumnado de 4º, 5º e 6º celebrou a tradicional **Marcha Ciclista Escolar de Narón**, unha iniciativa na que participaron máis de 1200 estudantes do concello, saíndo dende os respectivos centros e reuníndose todos/as no paseo Xuvia, onde cada un puido merendar cun bocadillo e unha auga.

Ademais, como remate do encontro, un helicóptero da DXT aterrou nunha zona próxima para que os nenos/as se puideran fotografar con el.

# CONCURSOS Colaboracions

## A Christmas mistery

Este curso, os nenos de Infantil e Primaria fixeron un proxecto en colaboración coa protectora Arco da Vella. Para aqueles/as que non esteades ao tanto e queriades coñecer a historia de Herba e de Rubi, só tedes que ler o código QR.

Ata o día 22 de Xuño estivo aberta a recollida de material para a protectora no vestíbulo do colexio. Moitas grazas a todos/as pola vosa colaboración; a recolleita de comida, enseres, empapadores, xoguetes, mantas e toallas foi de grande axuda para os nosos compañeiros de 4 patas.

Grazas tamén, dun xeito especial, á profe Montse de Inglés (Primaria), pois sen a súa axuda non houbera sido posible.

# DESPEDIDAS

Coma tódolos anos, tamén nos toca despedirnos de moitos de vós: uns porque rematades unha etapa e comezades outra, e outros porque, simplemente, terminan o seu paso polo noso centro. A todos e todas vós, nenos/as, mestres/as, profesores/as.... Grazas polo voso esforzo, dedicación e, en definitiva, entrega para facer do CPI do Feal o mellor cole da contorna.

Esta sección é exclusivamente para vós!

# DESPEDIDAS

O pasado 14 de febreiro chegaron á nosa caixa de Cupido dúas entrañables cartas, dirixidas á nosa compañeira **Eva Pereira**, quen hai case dous anos que nos deixou.

Publicamos esas mensaxes das súas alumnas como simbólica lembranza dunha marabillosa mestra e mellor persoa: inesquecible o seu eterno sorriso, a súa bondade e xenerosidade; foi tamén todo un exemplo de optimismo, fortaleza e tesón.

O seu recordo seguirá vivo nos que coincidiron con ela no Feal, tanto alumnos/as coma compañeiros/as. Sempre nos nosos corazóns, Eva.

## Unha estrela

PARA UNHA PROFE
MOI ESPECIAL

Gracias polo tempo que nos dedicache a todos os teus alumnos, por ensinarnos e inspirarnos, por axudarnos a ser as persoas que hoxe somos.

Formaches parte da nosa vida e sempre te lembraremos, por ser unha persoa tan especial en todos os sentidos.

Gracias polo teu agarimo e amizade, deixaches unha pegada imborrable nos nosos corazóns.

QUERERREITE POR
SEMPRE
Noa Picos Muiño

*P.D. Sigue brillando alá onde esteas!*

# DESPEDIDAS

## Para unha das mellores persoas do mundo

**QUERIDA EVA:**

Escribímosche esta carta para agradecerche todo o tempo que estiveches connosco e por tratarnos tan ben.

Gracias polos teus consellos, por cuidarnos, por ensinarnos e sempre estar cun sorriso a pesares de todo.

Ensináchesnos a ver o mundo doutro xeito, tanto na aula como fóra dela, gracias a ti podemos dicir que hoxe somos mellores persoas.

Querémoste moito e sempre te lembraremos cun sorriso!

*Para Eva, un ánxel que sempre brilará no ceo.*

Sabela Paz
Sabela Manso
Sabela Álvarez
Sara Vázquez
Amanda Díaz

# DESPEDIDAS

Do mesmo xeito, a continuación podemos ver unha fotografía dos grupos que, ou ben cambian de etapa ou ben din adeus ao noso centro,

## 6º de Educación Infantil

# DESPEDIDAS

## 6ºA de Educación Primaria

# DESPEDIDAS

## 6ºB de Educación Primaria

# DESPEDIDAS

## 6ºC de Educación Primaria

# DESPEDIDAS

## 4ºA de Educación Secundaria

# DESPEDIDAS

## 4ºB de Educación Secundaria